

## **Para non perder unha boa oportunidade para a normalización lingüística coa implantación dos novos certificados de lingua galega (Celga)**

*Posicionamento conxunto do profesorado de galego das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Madrid; Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL); A Mesa pola Normalización Lingüística; Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG)*

Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) da Xunta de Galiza estase a levar adiante un necesario proceso de reformulación do modelo de aprendizaxe e de avaliación da competencia en lingua galega. O sistema vixente até o de agora de principalmente dous niveis, iniciación e perfeccionamento, deixará paso a unha nova ordenación. No seu lugar haberá unhas novas certificacións en cinco niveis denominadas Celga, que se corresponden cos niveis de competencia lingüística de ALTE (*Association of Language Testers of Europe*), e que se axustan ás competencias descritas no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa.

A SXPL está a traballar no borrador da Orde pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, así como nun Anexo que recolle as validacións correspondentes para os estudos de galego feitos até o de agora. Neste borrador da Orde establécense, dun ou doutro xeito, as seguintes equivalencias principais, de maneira resumida:

- Validaranse polo Celga 1: nivel elemental de lingua e cultura galegas, para persoas estranxeiras, curso de lingua galega para non galego falantes ou certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED.
- Validaranse polo Celga 2: graduado escolar, nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros ou nivel medio dos estudos de galego da UNED.
- Validaranse polo Celga 3: ESO ou FP1 ou ciclo elemental de galego das escolas oficiais de idiomas.
- Validaranse polo Celga 4: LOXSE ou BUP ou FP2 ou curso de especialización en lingua galega para profesorado de EXB.
- Validaranse polo Celga 5: licenciatura en Filoloxía Galega ou equivalente, calquera outra licenciatura, diplomatura ou equivalente con 18 créditos de lingua galega e ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas.
- Terá a mesma validez que un Celga 3, segundo a disposición adicional 2ª da Orde, para o acceso e valoración de méritos na función pública, o certificado de iniciación.
- Terá a mesma validez que un Celga 4, segundo a disposición adicional 2ª da Orde, para o acceso e valoración de méritos na función pública, o certificado de perfeccionamento.

Tendo en conta, principalmente, que iniciación, ESO e ciclo inicial de EOI equivalen a Celga 3 e que perfeccionamento e LOXSE-BUP a Celga 4, o que se está a facer con esta proposta é consagrar o antigo modelo de cursos de iniciación e de perfeccionamento e a dar por feito na práctica que no actual sistema educativo regrado non hai problemas con respecto á adquisición da competencia en lingua galega, pasando por alto as notorias deficiencias que detectan todos os informes existentes en materia de lingua galega no ensino como, por exemplo, o Plan xeral de normalización da lingua galega ou o último informe publicado polo Consello Escolar de Galiza, e intentado extrapolar a Galiza un sistema de validacións como o catalán, cando a realidade da adquisición de competencia lingüística no ensino nun e outro caso é diametralmente oposta. Ao mesmo tempo, estánselle a dar aos estudos de galego realizados nas escolas oficiais de idiomas uns niveis que non se corresponden coa realidade, coas correspondencias con outras linguas nin coa referencia do Marco europeo.

Con esta proposta de validacións, de ser aprobada:

- Anúlase na práctica a necesidade de aprender/saber galego: a necesaria formación da sociedade para conseguir unha verdadeira normalización lingüística disfrázase baixo a posesión dunha certificación ficticia; de agora en diante, imos finxir que somos unha sociedade harmónica bilingüe normalizada.
- Desbótase totalmente calquera posibilidade de deseñar un modelo que estableza perfís lingüísticos adecuados aos postos de traballo nas administracións públicas, pois todo o mundo dispón de certificados que avalan un coñecemento de lingua galega superior (quitando o Celga 5). Con isto non se garantiría de ningún xeito que as traballadoras e os traballadores da Administración pública tivesen o coñecemento de galego necesario para desempeñar o seu traballo nesta lingua, de maneira que non se poderían garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía. Non se poden, así, establecer uns requisitos de competencia en lingua claros e estandarizados para o acceso á función pública (nin no ensino, nin na sanidade, nin na Administración autonómica, nin na administración local, nin na universidade, etc.).
- Desmotiva totalmente os traballadores e as traballadoras da Administración pública a seguir formándose en lingua, pois practicamente todos/as teñen xa o máximo nivel ao que poden chegar, vía validación, e a formación en lingua na que poidan participar non vai ter ningún recoñecemento formal a maiores. Deste xeito, por exemplo, a competencia en galego do profesorado ou do persoal de atención ao público da Administración vai seguir sendo deficiente como o é até o de agora.

Polo tanto, se se desbota totalmente calquera posibilidade de establecer perfís lingüísticos para os postos de traballo da Administración e se desmotivan os traballadores e as traballadoras para seguir formándose en lingua, estase a perder unha grande oportunidade de avanzar en normalización lingüística no noso país.

Por estas razóns, solicitámoslle á SXPL que se deteña, que reflexione, que se comprometa a dialogar e que non se perda unha grande oportunidade de avanzar na normalización lingüística en xeral e nomeadamente na Administración pública. Por isto, pedimos:

- Que se faga unha pilotaxe entre alumnado de primaria, secundaria, FP, bacharelato, escolas oficiais de idiomas e entre persoas que obtiveron os títulos de iniciación e perfeccionamento nos respectivos cursos de formación en lingua para persoas adultas. Deste xeito poderíanse ter datos fidedignos para sustentar unhas validacións reais e útiles para avanzar no proceso social de normalización da lingua galega.
- Que se recoñezan as deficiencias do sistema educativo regrado con respecto á

adquisición da competencia en lingua galega e que se efectúe un diagnóstico, que se establezan uns obxectivos claros e que se introduzan medidas planificadas que garantan a aprendizaxe e a adquisición dunha plena competencia en lingua galega.

- Que se debata e se estude entre todos os sectores implicados o anexo de validacións para que as equivalencias sexan útiles, apropiadas, xustas, fiábeis e tecnicamente correctas.
- En definitiva, que non se perda unha boa oportunidade para a normalización lingüística coa implantación dos novos certificados de lingua galega (Celga).

#### ASINAN ESTE ESCRITO:

- Profesorado de galego das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Madrid.
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)
- A Mesa pola Normalización Lingüística
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)
- Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG)

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2007